

acontecementos, pechábase a escenificación da unidade obreira da mesma maneira que comezou, no máis absoluto mutismo. A herdanza de anos de illamento, froito do descrédito xeneralizado dun tipo de sindicalismo tildado de anacrónico segundo os seus detractores, materializouse na aplicación de consignas autorreferenciais. A carencia de solidez na argumentación foi conxurada cunha chamada á orde, á disciplina. Con todo o hábil recurso do vitimismo resultou ser unha magnífica ferramenta disuasoria. Era o síntoma de que algo pasaba.

Finalmente a asemblea decisoria tivo a derradeira palabra, ao facer crer aos alí convocados que a importancia radicaba precisamente no acontecemento e non no mecanismo de control que supuña, en última instancia, a súa presenza. Do carácter político do goberno sobre os individuos reunidos en número considerábel. Un estado de opinión que non tivera en conta o dito estaba abocado ao fracaso. A práctica amosou que non se trataba tanto de ceder a palabra senón mellor de escamoteala. E así foi.

A derrota, lóxica aínda que non desexada, dos contrarios á sinatura do Convenio Colectivo fala alto e claro da debilidade actual do partido máis disposto para a acción. Pero, sobre todo, fala da extinción ad infinitum da loita de clases na industria máis despótica da cidade.



[LAPSUS]
distribuidora alternativa


Ano 2012

Edita: Lapsus Distribuidora

Centro Social "A Cova dos Ratos" r/Romil,3 Baixo, Vigo

lapsus@sindominio.net

Apuntamentos sobre a cuestión obreira



PRESENTACIÓN

Lapsus, como punto de venda e distribución de carácter non comercial, ten coma obxectivo fundamental difundir e facilitar o acceso a materiais que representen unha ferramenta de análise e formación crítica.

Consideramos que neste proxecto de contribución ao cuestionamento da realidade na que vivimos inmersas, resulta moi interesante poder enriquecer o abano de publicacións que poñemos a disposición, procedentes das máis importantes editoriais alternativas da península, con materiais que conteñan reflexións sobre a nosa realidade máis próxima.

E é neste contexto no que debe entenderse a publicación dos textos que aquí presentamos.

Neste caso, son tres breves escritos que chegaron ás nosas mans e pola súa clara interconexión decidimos difundir conxuntamente. O primeiro deles, permite achegármolos á realidade interna dun dos centros de poder intocables, incuestionables e totalmente opacos da cidade de Vigo: a factoría de Citröen. Amósanos unha visión do proceso de negociación do convenio Colectivo dende a perspectiva do sector máis obviado no seu desenvolvemento, o dos traballadores, centrándose particularmente no papel xogado na mesma polo único sindicato no que, nese contexto, podían depositarse as mínimas esperanzas de que servise tal e como debería ser de acordo á súa esencia, coma ferramenta colectiva de defensa.


Seguindo a liña deste último aspecto, o segundo texto reflexiona sobre o proceso de unificación de federacións no seo do sindicato CIG. Podería considerarse que esta é unha cuestión de interese tan só para aquelas persoas involucradas nas loitas internas de poder que isto comportará. Porén, atendendo ás novas modificacións nas regras de xogo do mercado laboral e a que a día de hoxe, e independentemente da nosa valoración ao respecto, no noso territorio non se pode negar o seu papel de principal forza con capacidade de mobilización e creación de conflito, consideramos que o seu interese, polas repercusións que pode comportar, transcende os límites da propia estrutura sindical.

Finalmente, péchase a escolma cun artigo que cuestiona o papel a xogar polos traballadores no momento presente e a mistificación do seu retorno. As derrotas pretéritas non supuxeron en modo ningún unha acumulación de experiencias senón mellor un anquilosamento tanto a nivel práctico como teórico. Unha mirada autocompracente para unha realidade complexa de máis.

Lapsus, 2012

eficaz xestión do medo á ausencia de representación na Comisión Paritaria do Convenio e todo o que disto se desprende: a debacle dun modelo sindical atrapado pola administración do consenso.

Noutros termos a inexcusábel referencia a dita Paritaria vén motivada pola sobredimensión das facultades executivas arrogadas, que ditamina a exclusión polas bravas de toda canta outra Comisión se derive da mesma por parte daqueles remisos a súa sinatura e consentimento. De modo e maneira que a correlación de forzas sería a todas luces o elemento fundamental dun debate nunca elaborado. A razón de ser dun corpo teórico que permita anticipar o porqué dunha tal disxuntiva encadrada nas circunstancias extraordinarias do novo ciclo produtivo. Da súa función como panca de cambio.



Se nun primeiro momento a atracción dunha dialéctica capaz de artellar resistencias -no sentido de empoderamento do conxunto dos traballadores- esta revelouse finalmente como unha ficción encamiñada a distraer os asalariados pola súa propia sorte. O reparto de panfletos, as asembleas informativas, as concentracións non eran outra cousa que parte do decorado destinado a entreter os aludidos para mellor acadar o seu fin. Un repertorio en todo caso previsíbel pero efectivo.

Entusiasmados os proletarios, ao sentirse vivos, por unha vez creron ver baixo a atenta mirada dos seus mandos a ocasión propicia para un reaxir por longo tempo agardado. A traición estaba distante de ser consumada para os máis. Non entanto lonxe das olladas curiosas dilucidábase unha sutil operación de esgotamento das opcións. Era cuestión de tempo achar a fórmula que daría ao traste coas esperanzas postas nas mobilizacións. A ausencia de comunicación directa, a imposibilidade de poder verificar sobre o terreo a xestación e desenvolvemento das políticas de alianzas postas en marcha e só o resultado da súa representación, alimentou a idea de desconfianza. Houbo de seducir, primeiro, para manipular despois.

Así, co transcorrer dos días, o grupo dirixente da CIG preparábase para librar a batalla máis decisiva, a que se levaría a cabo contra os seus propios afiliados. Liberados por fin das incómodas agregacións impulsadas á calor dos

BAIXO O SIGNO DA OBSOLESCENCIA

“A principios dos anos sesenta, debido á contaminación do aire e, sobre todo, no campo, á contaminación da auga (...), os vagalumes comezaron a desaparecer. O fenómeno foi fulminante. Aos poucos anos non quedaba ningún (...). A ese «algo» que ocorreu en Italia hai uns dez anos chamareino, pois, «a desaparición dos vagalumes»”.

O artigo dos vagalumes, Pier Paolo Pasolini

asimiladas a prácticas obsoletas aquelas que até hai ben pouco eran unha mostra xenuína de toma de conciencia. Unha fractura que viría dada polas extraordinarias condicións que rexen o mercado de traballo no momento presente. Condicións que impoñen a súa lei en forma de supervivencia. Isto é, de refluxo.

A complexa arquitectura do mundo do traballo é a razón última da necesidade urxente por se modernizar. Por estar á altura das circunstancias. Por seguirgozando dun status social a todo transo. Deste modo a división social do traballo impón sempre as súas propias regras, tamén á CIG. A máquina de guerra capitalista devén entón fatalidade e prognostica ao mesmo tempo o seu goberno xeral sobre a totalidade da nosa época.

En consecuencia a estratexia sindical encamiñada á unificación de federacións só se comprende pola debilidade mesma do sindicalismo que se quere emancipador nas sociedades tidas por avanzadas. O seu papel subalterno, respecto ás políticas económicas, facilita a proliferación de medidas tales que a concentración de poder ou mesmo a negación da súa natureza transformadora. En definitiva o prezo a pagar non pode ser outro que a institucionalización formal.

En calquera caso, á luz do enunciado, é posíbel facer unha lectura da unificación en termos de potencia, de creatividade?

Velaí unha dúbida razoábel.

CITRÖEN COMO ANOMALÍA

“Toda posición é unha taxonomía, unha topografía espiritual, unha intelixencia política da época: unha toma de partido”

Tiqqun

Nun contexto de marcada degradación das relacións laborais no interior da factoría que o fabricante de automóbiles PSA Peugeot Citroën posúe en Vigo, nada do vivido entorno á recente negociación do Convenio Colectivo se sostén senón a golpe de falsas ilusións. De entre as mesmas sobresaen unha pola centralidade exercida. A formulación das liñas non traspasábeis é a formulación retórica dos límites do admisíbel. Da creba do sentido común, en suma.

O marco xeral do disenso é, por tanto, o argumento que dá pé á lexitimación da impunidade do réxime de fábrica, novidoso en canto ás atribucións coercitivas e punitivas que instaura, pero esperado por canto era debedor da última Reforma Laboral. Un argumento polo demais que veu precedido por unha

Acaso sexa oportuno partir precisamente deste feito: a acumulación de transformacións habidas en todas as ordes, ao compás do desenvolvemento das forzas produtivas nas últimas décadas, revélanse como o mellor dos rexistros sobre as interrogantes que asaltaron as consciencias atormentadas dos asalariados que nos precederon na loita social.

Grazas ao seu talento para organizalo todo segundo o seu criterio, conseguiron que os habitantes das industrias, en xeral, foran aproximadamente felices, ao punto de constituírense nun suxeito chamado a realizar grandes fazañas que tiveran por meta a apertura dun réxime de oportunidades nunca antes coñecido na historia recente dos nosos contemporáneos. Non foi o caso ou polo menos non na medida do agardado.

O pacto social impúxose a calquera outra forma de emancipación obrigando aos proletarios a delegar un protagonismo que se gañaran batiéndose el cobre. Foi o principio da fin. Despois sobreveu a catástrofe. Decimadas as filas obreiras, a cuestión social relegouse a un asunto menor. Unha sorte de obxecto perdido no tempo. Unha curiosidade entre outras tantas unicamente vindicada pola memoria dunha clase que se foi a última.

De agora en diante a vella función do movemento obreiro sería precisamente iso, unha cousa do pasado. O seu mérito residiría entón en ter sobrevivido ao seu tempo, aínda a risco de saberse un reflexo invertido de si mesmo. No sucesivo a nova textura social, pouco propicia para veleidades dun ou doutro tipo, deu paso a unha nova orde que estrañaba á periferia das súas vidas todo o referente ao conflito entre clases.

En efecto, a obsolescencia da centralidade obreira constitúe de feito a expresión máis acabada da modernidade tardía en tránsito cara á súa lexitimación definitiva. É a confirmación dunha tendencia programada que se pode rastrexar desde un inicio na achega de cambios substanciais na linguaxe política destinados a poñer fin ás categorías históricas que deron consistencia ás palabras e con elas ao mundo que coñecemos.

Non é casualidade, por tanto, as dificultades engadidas á hora de aproximarse á realidade social do seu tempo no instante actual. Unha realidade nada gratificante por outro lado. Incapaces de se nomear por si mesmos fanse eco

do que outros din deles con máis vontade que fortuna. Así as últimas escaramuzas no terreo da loita de clases logran o contrario do seu obxectivo: negar a existencia dos antagonismos. O retorno da protesta obreira á escena pública. No entanto, ao afirmar da maneira máis torpe o seu retorno confirmaría a súa desaparición nalgún momento dado.

Moitas e repetidas veces as ideas víronse sometidas a leis contrarias a súa propia natureza. Nunha época que asiste a unha degradación acelerada do medio obreiro a súa reaparición é tan falsa que resulta incluso molesta enunciala. De todo o dito despréndese que tendo asistido a situacións análogas no pasado recente parecera máis cabal para os proletarios adiantarse aos acontecementos, facendo todo o contrario ao que deles se esperaba, agardando pacientemente o colapso da xestión e do consenso, a fin da paz social e os seus sustentadores; de tal guisa que non podería reaparecer o que nunca tería desaparecido.

A PROPÓSITO DO PROCESO DE UNIFICACIÓN DE FEDERACIÓNS

“Se vas pola ruta cara a Ítaca, fai votos para que o camiño sexa longo, pleno de peripecias, cheo de coñecementos”

Ítaca, Constantin Cavafis

Como pensar o tipo de organización na actual conxuntura de crise sistémica? Como pensar o tipo de organización nun escenario completamente adverso? Aínda máis, cómo facelo sen caer na trampa dunha lóxica acumulativa de forzas sen outro fundamento que o simple valor cuantitativo. Cómo facelo desafiando o ascenso e consolidación de novas formas burocráticas. En suma, cómo pensar o tipo de organización que se precisa baixo o dominio absoluto do capital.

O inminente proceso de unificación de federacións debe responder estes interrogantes sobre unha base argumental sólida. Un tránsito que tampouco debe obviar as formas, por iso a información convén que sexa restituída ao lugar que lle corresponde; ao común da afiliación. De aí que o mutismo que rodea un asunto de marcado interese xeral é por un acaso revelador do que está en xogo. A saber, para alén da utilidade de seu dunha central sindical sempre prevalecerá a idea de supervivencia no tempo. A súa adaptación a toda costa a un medio que pretende combater, a causa da obsolescencia dos homes e das ideas.

Non obstante sería simplificar en exceso unha problemática que modificará substancialmente a propia xeografía da CIG nun futuro próximo. Unha xeografía que após vinte anos de existencia enfronta a diatriba de ultrapasar o

marco estrito da confrontación para se converter nun outro axente social. Incluso mitos fundacionais ou lugares comúns para o sindicalismo nacionalista de esquerdas reproducen un imaxinario colectivo atravesado pola dúbida cun único obxectivo: a falsificación dun período constituínte anterior a nós propios pero intimamente ligado ao nacemento da Confederación Intersindical Galega.



Nomeadamente de entre as secuelas a destacar habería que se deter nun aspecto de singular consenso polo que se refire ao grao de aceptación acadado. A progresiva especialización de funcións, ou dito con outras palabras a separación de tarefas, outorgando maior poder decisorio a técnicos e liberados. Os profesionais pasan a ser un valor en si mesmo, unha categoría separada do conxunto pola súa condición de asalariados, prolongación física da actual correlación de forzas interna. Como se dicía en tempos non tan distantes unha caste.

A maiores córrese o perigo de minguar o papel das comarcas, entendidas estas como o ámbito instituído para coordinar as distintas

federacións entre si, ficando nun elemento de carácter residual ao perder peso ante a irrupción de estruturas coa capacidade suficiente para menosprezar unha figura superior no ordenamento interno. Con todo, a ameaza máis grave dáse a nivel de base nos centros de traballo- ao acernar toda autonomía de asembleas e seccións sindicais, vehículos fundamentais para a transmisión de saberes entre os chamados proletarios, supeditada a súa operatividade a intereses por veces alleos a súa realidade cotiá. Asembleas e seccións que representan aínda hoxe a memoria viva dunha cultura que se extingue a golpe de aparello.

Así a perda de sinais de identidade de vello, tal que as instancias de participación colectiva, impiden invertir unha tendencia xeneralizada que se manifesta entusiasta dun certo tipo de corporativismo, ao extremo de seren